

O REGRESO DAS VELLAS FORMAS DE PROTESTA. AS ELECCIÓNS DE 1948 NA RAIA MIÑOTA

THE RETURN OF TRADITIONAL FORMS OF PROTEST. THE 1948 ELECTIONS IN THE MIÑO REGION

NATALIA JORGE PEREIRA

(Doutora en Historia. Colaboradora Grupo Histagra, USC)

RESUMEN

Tras case unha década de ditadura, as eleccións municipais de 1948 viñeron a fornecer a imaxe de apertura que o réxime pretendía ofrecer ao exterior. Porén, interésanos coñecer a percepción da mesma a ras de chan. Para iso, escollemos unha comunidade raiana da Galicia rural que antes do 1936 desenvolveu un papel político destacado a través do movemento agrario. O noso obxectivo é descubrir até que punto se produciu unha ruptura da sociedade civil de posguerra, se existiu un retorno ás vellas formas de protesta e se estas pasaban pola existencia dunha cultura da resistencia transmitida a través da memoria.

Palabras clave: Franquismo, eleccións, rural, emigración, asociacionismo agrarista

ABSTRACT

After almost a decade of dictatorship, the municipal elections of 1948 were intended to project an image of openness that the Franco regime sought to present to the outside world. However, this study focuses on how these elections were

Grupo Histagra, Universidade de Santiago de Compostela. Natalia Jorge Pereira é Doutora Internacional en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela (2024). As súas liñas de investigación céntranse na fronteira galega-portuguesa así como o estudo comparativo dos comportamentos e actitudes das comunidades raianas ante as ditaduras. Este traballo enmárcase no Proxecto Violencia, delincuencia y conflictividad en tiempos de paz y de guerra en el mundo rural, 1850-1980- VIDECON.PID2023-152532NB-I00.Agencia Estatal de Investigación. Generación de conocimiento 2023, adscrito ao Grupo HISTAGRA- CISPAC da USC.

perceived at grassroots level. It examines a border community in rural Galicia that had played a prominent political role prior to 1936 through the agrarian movement. The objective is to assess the extent to which a rupture occurred in post-war civil society, to determine whether traditional forms of protest re-emerged, and to explore whether these forms reflected a culture of resistance transmitted through collective memory.

Keywords: Francoism, elections, rural communities, emigration, agrarian activism.

RESUM

EL RETORN DE LES VELLES FORMES DE PROTESTA. LES ELECCIONS DE 1948 A LA COMARCA DEL MIÑO

Després de quasi una dècada de dictadura, les eleccions municipals de 1948 van proporcionar la imatge d'obertura que el règim pretenia oferir al món exterior. No obstant això, ens interessa conèixer la percepció que es té d'ella a nivell del sòl. Per a això, triem una comunitat fronterera de la Galícia rural que abans de 1936 va desenvolupar un destacat paper polític a través del moviment agrari. El nostre objectiu és descobrir en quina mesura va haver-hi una ruptura en la societat civil de la postguerra, si va haver-hi un retorn a antigues formes de protesta i si aquestes van implicar l'existència d'una cultura de resistència transmesa a través de la memòria.

Paraules clau: franquisme, eleccions, rurals, emigració, associacionisme agrari

RESUMEN

EL REGRESO DE LAS VIEJAS FORMAS DE PROTESTA. LAS ELECCIONES DE 1948 EN LA COMARCA DEL MIÑO

Después de casi una década de dictadura, las elecciones municipales de 1948 proporcionaron la imagen de apertura que el régimen pretendía ofrecer al mundo exterior. Sin embargo, nos interesa conocer la percepción que se tiene de ella a nivel del suelo. Para ello, elegimos una comunidad fronteriza de la Galicia rural que antes de 1936 desarrolló un destacado papel político a través del movimiento agrario. Nuestro objetivo es descubrir en qué medida hubo una ruptura en la sociedad civil de la posguerra, si hubo un retorno a antiguas formas de protesta y si éstas implicaron la existencia de una cultura de resistencia transmitida a través de la memoria.

Palabras clave: Franquismo, elecciones, rurales, emigración, asociacionismo agrarista

INTRODUCCIÓN

En 1946 o alcalde de Tomiño (Galicia) elevaba á Jefatura Provincial de Estadística unha relación de nomes co seguinte fin:

vecinos (que) son exiliados voluntarios desde la iniciación del Glorioso Movimiento Nacional y por lo tanto no deben ser incluidos en el Censo Electoral¹.

En total eran 50 homes e mulleres dos que tan só cinco estaban ausentes, xa que o resto residían na localidade. É dicir, á 45 persoas se lles negaba a participación no referendo sobre a Lei de Sucesión de 1947 e as municipais de 1948. Porén, ¿por que era preciso vedarlles a participación?

Antonio Cazorla retrata as eleccións de 1948 como unha *entrega de trofeos*, unha xornada de represión, medo, apatía política e manipulación (Cazorla, 2016: 98 e 102). A cita electoral baixo un modelo orgánico, formaba parte do paquete de medidas encamiñadas a un lavado de cara do réxime, unha apertura democrática iniciada coa promulgación da Lei de Bases de Réxime Local de 1945. Ana Cabana sitúa o intervalo de 1945 á 1948 como os anos de maior preocupación do réxime respecto á opinión popular, coincidindo cunha activación da loita guerrilleira e a organización política na clandestinidade dos partidos da esquerda. (Cabana, 2013: 61)

1 AHPPO, Fondo Movemento, ca 205.

Non cabe dúbida que estamos ante un intervalo temporal de cambios dirixidos á consolidar o réxime que ao noso entender, era consciente dos seus puntos febles. Existía polo tanto diagnose sobre a que se cimentaba a gobernabilidade e que nese paquete de medidas procurábase algo mais que dar un lavado de imaxe cara o exterior. Para nós as eleccións municipais de 1948 son un punto de inflexión, e como veremos no caso concreto que analizaremos, funcionou como transición no que mediante concesións pretendeuse controlar o malestar e incipientes mostras de disidencias.

No presente traballo estableceremos os vínculos entre esa listaxe de exiliados voluntarios e os membros do goberno municipal saídos dos primeiros comicios tras mais dunha década baixo o autoritarismo², e analizaremos que aconteceu nesa xornada a escala micro local. Para iso, tomaremos como observatorio a localidade de Tomiño situado na Raia galego-portuguesa espazo que reúne varios elementos que a dotan de singularidade para o noso obxectivo. Trátase dun territorio raiano, cunha elevada taxa de mobilidade e inxerido na *cultura do contrabando*. A isto lle engadimos o destacado papel desenvolvido no movemento agrario dende fins de 1920, sendo un dos líderes locais o deputado agrario Antón Alonso Ríos. Por outra banda, durante a década de 1930' converteuse nun importante apoio territorial para o Partido Galeguista, e non menos transcendente, presentou resistencia armada á sublevación militar converténdose nun dos últimos territorios en caer en mans dos sublevados no verán de 1936.

A nosa proposta fórmase baixo o método analítico da historia dende abaixo acoutado a unha comunidade concreta que pretendemos ollar polo miúdo. As pretensións non son novidosas, nos últimos anos os enfoques ao franquismo teñen mudado cara perspectivas micro, apostando por estudar as redes e non tanto organizar en categorías políticas³. Neste sentido, seguindo a traxectoria da antropoloxía e a socioloxía tense prestado atención ao peso da familia, das redes clientelares, dos problemas locais, co fin de entender as dinámicas políticas que serviron de piares para a continuidade do réxime franquista.

De aí tamén que apostemos por desmiudar a cultura política dos actores, unha proposta presente en traballos recentes de historia social e da vida cotiá (Rodríguez Barreira, 2024). Un paso adiante na liña historiográfica que bebe do interdisciplinar e toma prestado formas de aproximación aos suxeitos que foxen de compartimentos estancos, mais preocupados por como

2 Lembremos que o noso espazo de traballo é Galicia, un territorio que en agosto de 1936 estaba baixo o control do bando sublevado.

3 Destacamos a obra de Carlo Guinzburg en tanto ao modelo analítico da microhistoria e a súa aposta por ler entre liñas e ir mais alá da evidencia.

se modelan as decisións e as respostas en momentos concretos e de como as estruturas culturais permiten o cambio (Box, 2019 e Sevell, 2011). Zira Box fala do *(re)descubrimiento do suxeito* (Box e Rina, 2024: 23), de ollar os matices. Alf Lüdtke, da relación en dobre sentido do suxeito e o contexto, como o primeiro é quen de transformar as situacións (Lüdtke, 1995). Todos eles postulados que desafían o coñecemento histórico e retan a unha nova liña de investigación virada aos individuos, a súa relación co medio, e ao bagaxe e fronteiras culturais que daban forman as súas accións.

O certo é que nin os comportamentos son tan predicibles nin os individuos se moveron na coherencia, é dicir, que presentan actuacións contraditorias. Profundar nesa diversidade ofrécenos un coñecemento moito mais rico da experiencia vivida e de como a interacción dos espazos e episodios diversos dotou aos nosos protagonistas dunha experiencia e cultura propia, capaz de ofrecer un marco de reflexión. De aí a necesidade de ollar polo miúdo, introducirmos na memoria, nas esferas privadas continuando o camiño da *xente corrente* que baixo un réxime ditatorial percibiu marcos de oportunidade que beneficiaban o interese nese momento e circunstancias e, en consonancia, actuou de forma coordinada co necesario impacto para alterar os espazos que a prior semellaban inmóbiles⁴.

Jorge Moreno en *El Duelo rebelado*, partía da esfera privada e tomaba a fotografía e o seu entorno como fonte de análise. Un achegamento que ademais leva consigo a vinculación persoal do investigador co obxecto de estudo. No noso traballo, tamén partimos dunha situación similar, e ofrecemos un relato confeccionado con material de arquivo pero tamén con fontes orais e materiais da índole privada. Para esta aproximación procuraremos traspasar as fronteiras e os códigos de resistencia achegándonos ao espazo privado sen esquecer a esfera pública, un ámbito que reconstruímos a través da prensa, pero tamén da documentación xerada polo municipio, polo Movemento, que complementaremos con soportes non menos importantes como son os protocolos notariais, os xudiciais e os informes de aprehensión do contrabando.

Non pretendemos construír unha historia local senón a través dunhas coordenadas concretas achegarnos a un episodio para o que é preciso ter presente as súas singularidades, os feitos e condicionantes que deron substrato ao noso obxecto de estudo. Descenderemos á Tomiño, ao período antes do 1936, á instauración do Novo Réxime nun espazo rural mais non exento de dinamismo, e chegaremos á 1948 intentando entender o comportamento

4 O abano sobre o estudos dos comportamentos e as actitudes pasa por comprender os mecanismos de consolidación da ditadura, un espazo do que destacamos autores como Carmen Molinero e Pere Ysas, Antonio Cazorla, Francisco Sevellano e Miguel Ángel del Arco.

dun grupo de persoas que aproveitou a cita electoral para o choque frontal. Unha clara mostra de que nin a ditadura contou con tantos apoios nin estivo exenta de altercados e resistencias coas que tivo que negociar.

¿RUPTURA NA SOCIEDADE CIVIL DE POSGUERRA?

Un Concello da Raia

Mais alá do seu carácter raiano, o Concello que nos serve de observatorio, encádrase nun espazo rural, que en 1930 contaba con case 12.000 habitantes diseminados en 15 parroquias estendidas nun territorio de 105 km². A base económica sustentábase na gandeira favorecida polas amplas extensións de monte comunal e proximidade ao porto vigués. A súa agricultura polo tanto estaba orientada a esa cabana que era complementada coa explotación do monte, un espazo que ademais era destinado a actividade forestal xerando un importante nicho de emprego ligado aos serradoiros. Outro dos sectores de relevancia tiña a ver a súa proximidade ao río Miño, protagonista dun espazo internacional compartido coa marxe portuguesa e sobre a que pesaba un estrito Tratado de Límites (1864) que regulaba a pesca, o uso de illas, illotes e as ribeiras.

Como espazo fronteirizo caracterízase polo seu dinamismo en canto á mobilidade laboral tanto de índole temporal como definitiva, e no contacto diario entre marxes con fins económicos, familiares ou políticos. Ambas beiras amósanse como espazos similares sometidos a dous gobernos non sempre coincidentes en canto ao tipo de réxime, diferenza que ofrece unha alternativa á períodos de represión ou de recesos económicos⁵.

Por outra banda, a relación entre estas comunidades cos seus gobernos sempre foi distante, non só xeograficamente, senón porque sobre eles proxectáronse medidas de nacionalización encamiñadas á definición de fronteiras. Lexislacións que viñan a entorpecer a forma de vida, que pretendían separar cando a Raia está construída sobre a complementariedade e unión por lazos

5 É de subliñar as diferencias entre os modelos de estado ao longo do primeiro terzo do S.XX. Por un lado, a monarquía portuguesa chega ao seu fin en 1910 tras o asasinato do Rei e o seu herdeiro. Sucédea unha República parlamentaria que en 1926 asiste a un golpe militar que dá comezo á ditadura e que a partir de 1932 da man de Antonio Oliveira de Salazar lidera un réxime civil coñecido como Estado Novo. No caso español, a monarquía sobrevive até 1930 tras un sistema parlamentario e unha ditadura baixo o Miguel Primo de Rivera. Neste caso a república chega tras unhas eleccións municipais distanciándose do devir portugués, até o golpe de Estado de 1936. Estas diferencias tamén permitiron que as dúas marxes funcionasen como refuxio de exiliados políticos dun e doutro país, establecéndose na Raia unha forte relación cos dirixentes e simpatizantes das diferentes forzas ideolóxicas. (Rosas, 1996 ou Pena Rodríguez, 2019)

sociais, económicos e culturais. Significaba, polo tanto, atentar contra as bases nas que estaban constituídas, de aí que existise unha visión de desconfianza entre ambos interlocutores. Isto estriba tamén noutro elemento, a imposición de medidas de nacionalización que coartaron os medios de vida dos raianos ao que as comunidades responderon mediante a transgresión permanente. Polo tanto, as fronteiras eran vistas como niños da clandestinidade que espertaban desconfianza. Unha resistencia que procedía tanto dos membros de ambas comunidades como dos seus gobernos locais. Existía polo tanto unha relación de distanciamento moi forte cara os poderes centrais nos que a *cultura de resistencia* tiña un forte calado. (Godinho, 2011; Simões, 2013)

Por outro lado, Tomiño contaba cunha alta taxa migratoria, fundamentalmente á Lisboa, Arxentina e o Brasil. Un fenómeno que dotou á localidade de remesas económicas destinadas á compra de terras, a modernización tecnolóxica e a innovacións organizativas como sociedades de instrución. (Villares Paz, 1982 e 2019; Fernández Prieto, 1992 e 2021) Froito dese facer emigrante son os sete edificios construídos nesta localidade e destinados á formación das primeiras letras. Outro elemento fundamental é que boa parte destes retornados pasaron á dirección do asociacionismo agrario local, puxeron en práctica cambios na paisaxe representada na estética indiana en vivendas, escolas, clubs sociais e na ostentación de obxectos e recordos da pasaxe migratoria. Elementos todos eles que xeraron un impacto nas comunidades de orixe favorecendo mudanzas nas formas de percibir o seu entorno, e que configurou unha experiencia propia ao tempo que recibiron novos valores que serviron de referentes.

Patrimonio simbólico acumulado: a emigración e o movemento agrario

Este substrato tradúcese en experiencias e valores adquiridos que configuran un patrimonio simbólico acumulado dos suxeitos. Pierre Bourdieu (1983 e 1997) destacaba a capacidade transformadora das formas simbólicas no mundo social e de como os suxeitos son quen de percibilas e identificalas dentro dunha lóxica. Para nós o relevante é o papel simbólico que representou o continxente migratorio retornado, o seu rol de conexión entre dous mundos, o de orixe e o destino (repúblicas americanas), e como dotaron de prácticas e contidos ideolóxicos os pobos natais. É dicir, mais alá das melloras de vida materiais, desafiaron ás formas tradicionais de poder e competiron coa vella elite asentada na propiedade da terra, no contrabando e no rico comercio fronteirizo.

Este proceso está visible na proliferación do asociacionismo, tanto agrario como de instrución, que é liderado e integrado polos representantes da

emigración. Por exemplo, podemos ollar como dentro do noso territorio de análise, nunha das parroquias, neste caso Barrantes, os membros da sociedade agraria e a de instrución están representadas polos mesmos membros ou con familiares directos. Neste caso, en 1912 dos 10 membros fundadores da *Sociedade Protectora* emigrados en Bos Aires todos tiñan vinculación directa coa sociedade agraria radicada no lugar de orixe, ou ben ocupando eles mesmos postos directivos á súa volta (o 70%) ou ben mediante a intervención dun irmán ou dun fillo⁶. Polo tanto, o tecido organizativo que participará do proceso de politización ao longo destas dúas décadas, terá un pasado na emigración o que non se traduce en que viñera acompañado de ideas revolucionarias (Núñez Seixas, 1998: 40). O fenómeno non é novidoso da Raia nin da provincia de Pontevedra, xa que temos constatado como a presenza dos retornados mudaron as dinámicas sociais locais noutros lugares da Galicia emigrante como O Condado (Hervés Sayar, 1997), Teo (Domínguez Almansa) ou no caso ourensano (Soutelo Vázquez, 1999)

Isto terá o seu traslado na composición das corporacións que a longo do 1910' acaban por aceptar a estes membros dun forma controlada. Un fenómeno que podemos seguir en Tomiño onde en 1906 dos 18 membros que formaban parte do consistorio, 5 eran comerciantes, e o resto ou ben eran propietarios da terra ou ben tiñan unha posición folgada e participaban do reparto fiscal municipal como as comisións de Repartimentos de Utilidades. Porén 10 anos despois, en 1916 asistimos a entrada dun representante do asociacionismo agrario que pasa a ocupar a 1ª tenencia de alcaldía, un cargo destacado no consistorio. Unha década despois, o alcalde e 6 dos concelleiros procedían directamente das filas agrarias.

Se agora nos somerxemos no período republicano, o resultado das eleccións de 1933, as primeiras nas que se fai extensivo o sufraxio á muller, supón que dos 19 representantes electos, 13 presentaranse como candidatos da Federación Municipal Agraria de signo esquerdista, 5 polo Partido Republicano Radical e 1 monárquico. Como vemos na antesala do golpe de estado, os apoios sociais inclinábanse á partidos republicanos e ademais de esquerdas vinculados aos problemas do agro. E aínda mais, de 12 deles temos constancia dun pasado na emigración na que Arxentina constituíase como o destino maioritario. E finalmente, a súa composición a nivel profesional variaba dende comerciantes, industriais, propietarios, labradores e

6 Outros traballos de índole local como o de Salceda de Caselas, confirman esta relación directa entre os emigrados e o movemento agrario. Neste caso, Raúl Soutelo e María Xosé Vázquez constatan como foi o colectivo asentado en Bos Aires e Rio de Janeiro os encargados do financiamento da Federación Agraria Municipal (Soutelo Vázquez e Vázquez Lojo, 2017: 108)

profesións liberais. É dicir, non estaba ligado á solvencia económica senón que prevalecía a diversidade social e polo tanto navegaban entre clases.

O repertorio

Todo este proceso de democratización e do establecemento dunha política de masas viu da man de estratexias e actores diferentes que en base ás posibilidades que establecía o marco temporal actuaron en consecuencia aos seus intereses.

Segundo Miguel Cabo Villaverde, o movemento agrarista dá un salto cualitativo nas bisbarrias que rodean Vigo coa creación de sociedades influídas por dirixentes obreiristas e republicanos da urbe, ideas que absorben traballadores que entran en contacto pola súa actividade co mundo obreiro como canteiros, albaneis ou carpinteiros e que levan ás súas parroquias de orixe. É dicir, trasladan os métodos do movemento obreiro ás parroquias do rural (Cabo Villaverde, 1999: 253). E non só iso, senón que o republicanismo infiltrase no litoral pontevedrés introducindo novas formas de axitación e propaganda política que se centra na loita contra o foro e contra o caciquismo.

Os líderes republicanos atoparán nas sociedades agrarias un campo avivado polos dirixentes obreiros sobre o que construír o seu electorado. De aí o fomento da creación de sociedades agrarias e o interese do republicanismo por influír sobre os colectivos existentes. Da súa alianza saíra o obxectivo de facerse con cotas de poder na política local onde se xogaban o reparto fiscal como Repartimento de consumos. Esta realidade está presente no noso marco de análise mais tamén nas localidades do entorno, un territorio que actúa de forma conxunta e que se alimenta de forma continuada.

O que mais nos interesa é como crean as condicións para a obtención do voto en bloque dos afiliados das sociedades agrarias e como constrúen unha política de masas mediante o recurso á propaganda co obxectivo para chegar a un público mais amplo. Un dos recursos é a prensa agraria (Cabo Villaverde, 2003) da que se fixo un uso intensivo mediante cabeiras locais e vinculadas á figuras das comunidades que funcionaron con éxito como forma de difusión da cultura política. Esta foi acompañada da organización de campañas de mitins coordinadas coas sociedades agrarias que mobilizaban aos seus afiliados. Normalmente, convocatorias ao aire libre e coincidindo con días de feira e mercado que dotaron ao rural de formas de mobilización e de creación de opinión (Soutelo Vázquez, 1999: 88). Mais alá do contido político dotou de formas de axitación social ao medio rural que tivo como obxectivo facerse coas corporacións locais, Deputacións e Congreso dos Deputados.

No segundo decenio a organización federativa a escala municipal e comarcal do movemento agrario permitirá a xestación e desenvolvemento dunha intensa campaña a prol da solución do problema foral. Esta etapa está marcada polo clima de axitación social tras a Primeira Guerra Mundial, unha atmosfera de tensión global e que no noso observatorio tradúcese en intensas folgas chegando á ser reprimidas co uso da violencia, feito que atopamos nos trágicos Sucesos de Sobredo (Tui) en 1922⁷.

É neste espazo do sur da Provincia de Pontevedra, onde se impulsan as iniciativas que suporán un antes e un despois na conciencia colectiva no rural galego. A mais sobresaínte é a creación da Confederación Regional de Agricultores Gallegos (CRAG) co líder Basilio Álvarez que pretendía vertebrar no político o conxunto do movemento obreiro e agrario. Este sector presentábase como unha masa electoral poderosa e atractiva para todos os sectores políticos, entre eles, as vellas elites locais e os partidos *turnistas* que pretendían facerse co control. Na praxe, careceu da forza suficiente e a resolución foi o tecido de pactos cos candidatos dos partidos maioritarios co fin de facerse con maiores beneficios nos concellos. Facían polo tanto de contrapeso nun sistema controlado por dous grupos políticos, pero que como manobras preelectorais baixo un marco político de desigualdade forneceron de contrapunto ás masas labregas lideradas por dirixentes que navegaban entre varias ideoloxías. Deste período, unha das estratexias que mais nos interesan ten que ver co recurso ao *pucheirazo* tras o fracaso nas citas electorais, a violencia verbal que ten o seu máximo expoñente en Basilio Álvarez e a resposta das autoridades mediante o recurso á represalias económicas, agresións físicas, ou a cadea. (Cabo Villaverde, 2023: 88)

Isto creou non só a radicalización de posturas, senón que as sociedades agrarias e os seus líderes reuniran admiración e acabarán por converterse en referentes da cultura cívica e política (Fernández Prieto, 2021: 216). Por outro lado, da emigración non só viu unha única forma de mobilización, senón que o seu continxente trouxo consigo un contido político, unha forma de protesta que variou en función do destino escollido e unha vez de volta, reconvertiu os seus intereses particulares. Núñez Seixas subliña o carácter gradual do seu reformismo no que observa un instrumento de domesticación da protesta pero que no noso caso observamos dividido en liñas xerais, dous grandes bloques que teñen no país de destino a súa orientación ideolóxica, Arxentina vinculada ao socialismo, e Brasil ao conservadorismo. (Núñez Seixas, 1992 e 1998)

7 Nos sucesos de Sobredo pereceron 2 labregos e 1 labrega á mans das forzas de seguridade que dispararon cando a veciñanza se manifestaba ante un intento de execución por impago de foros. (Cabo Villaverde, 2023)

A ditadura de Primo de Rivera supuxo unha etapa de domesticación da mobilización mediante a promulgación da Lei Foral de 1926 e a inclusión de efectivos agrarios nos consistorios. Porén, a partir de 1928 o equilibrio dá claras mostras de esgotamento que coinciden co retorno dun continxente emigrante que propón novas liñas políticas e que encabeza unha nova mobilización. Estes cambios son liderados por un sector que bebía da ideoloxía socialista e que empregou a confrontación social como forma de desafío ao poder imperante. Á escala local materialízase nos retornados da Arxentina que explican os cambios capitais que se experimentará co novo marco democrático da República. Un novo réxime ao que chega o sur pontevedrés coa ruptura consolidada das lealdades primarias a escala micro local e o asentamento do desafío ás vellas elites (Núñez Seixas, 1994 e 1995)

Estes novos dirixentes contaban con experiencia societaria na capital arxentina e son os encargados de actualizar o repertorio de prácticas e de fornecer de estruturas sólidas á loita agraria. Un continxente que traía ideas laicistas e republicanas que supuñan un impacto porque o enfrontaban coa igrexa, amosaban unha clara conciencia de clase e traían no equipaxe un novo horizonte, o do estatuto de autonomía galego. Este salto resultou transcendental porque a bagaxe e o obxectivo que traían estaba coordinado e conectado cos grupos étnicos e vontades políticas da colectividade bonaerense. Isto explica que en 1931 viaxe unha representación da *Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires* que mediante o seu apoio á ORGA de Casares Quiroga aposte por dar voz ao continxente emigrado no novo réxime republicano.

Regresando á voz de Núñez Seixas, o triunfo estratéxico do nacionalismo en Bos Aires debeuse a fusión parcial do sentimento republicano e de esquerda e a reivindicación autonomista (Núñez Seixas, 1992: 308) que se traduciu na conversión ideolóxica de dirixentes agrarios en esquerda. Isto que parece algo xenérico tivo o seu traslado na escala local co establecemento de Antón Alonso Ríos en Tomiño, destinado á docencia da escola de emigración *Aurora del Porvenir*, e converténdose no líder indiscutible do agrarismo provincial.

A chegada do mestre e político ten relación directa coa vontade política emigratoria xa que formaba parte da comisión representativa bonaerense para a participación da candidatura ás eleccións parlamentarias e co fin de levar adiante o proxecto autonomista. Polo tanto, establécese un individuo formado no societarismo étnico arxentino, onde destacara pola súa capacidade organizativa, polas iniciativas divulgativas mediante a revista *El Despertar Gallego* e polo proxecto educativo que confeccionara destinado á Galicia.

O seu establecemento durante os cinco anos do réxime republicano significarán unha renovación política, social e cultural e a transcendencia da localidade no mapa agrario provincial e nacional. Durante este período as vinculacións coa Arxentina intensifícanse, créase un *Comité pro estatuto en Bos Aires* que mostra o seu apoio claro mediante a financiación e a propaganda do grupo liderado por Alonso Ríos, e encabeza a organización provincial a través da Federación Agraria co obxectivo de estruturar o conxunto de forzas locais tal e como pretendía o CRAG. Durante este tempo, dóta-se á comarca do Baixo Miño dun velo simbólico asentado na heroísmo dos *mártires de Sobredo* e na capacidade transformadora e rexeneradora da educación, representada simbolicamente na *Aurora del Porvenir*. Para isto empréganse varias ferramentas, dende as cabeceiras locais do agrarismo como *El Agro de Tomiño* (1930), até a publicación de boletíns educativos da *Aurora del Porvenir* nos que se divulga o panteón de referentes nos que caben políticos e filántropos da emigración, e ábreanse as portas das escolas á comunidade. Será o alumnado o que publicamente festexa os aniversarios da República, os que den voz aos discursos, e os que amosen as ideas de progreso e dignificación do rural mediante festivais de portas abertas.

A sublevación militar caeu neste estadio de cousas, e tomou como resposta á organización da resistencia armada que terá duras consecuencias mediante a represión física, económica e social. Unha *represión en quente* que se saldou no plano da violencia física co asasinato de 65 persoas⁸.

Táboa 1: Procesados e paseados Baixo Miño (natureza)

	<i>Procesados</i>	<i>Paseados</i>	<i>Pena de Morte</i>	<i>Executados</i>
A Guarda	21	7	4	4
O Rosal	11	-	2	2
Tomiño	16	13	4	2
Tui	60	12	25	25

Fonte: Nomes e Voces, Xulgado de Paz, Causas AIMNF, Arquivo Naval de Ferrol e fontes orais.

8 A cifra atende a natureza non ao lugar de asasinato.

Apoios ao réxime

Xullo de 1936 supuxo unha fractura nun contexto de forte tensión política e social. A nivel micro, o caso que nos ocupa chega aos días previos do golpe de estado nunha situación de preeminencia do poder das forzas agrarias da esquerda galeguista que por outra parte celebraban o apoio popular ao referendo polo Estatuto de Autonomía. A ras de chan, os partidos de dereita continuaban relegados ás marxes ao tempo que amosaban frouxos intentos por achegarse a unha estratexia conxunta. O que nos interesa, non é tanto coñecer os detalles nin sequera os medios destinados á erosionar o electorado do opoñente político, senón a clara fragmentación entre partidos de dereita repartidos entre a CEDA, o Partido Republicano Radical e Renovación Española.

Esta situación podemos extrapolala ao resto de concellos do entorno raiano o que explica tamén a súa resposta á sublevación militar. A resistencia armada no sur galego sustentouse nunha forte dirección ao fronte da que se estableceu o deputado e mestre de Tomiño, Antón Alonso Ríos, a creación de comités de resistencia coordinados entre si, os apoios do sindicalismo obreiro e agrario, a posición de lealdade á República por parte dos efectivos da Garda Civil e do Destacamento da Mariña e a proximidade á Portugal que nos primeiros días posibilitou o aprovisionamento de armamento a través do comercio clandestino.

A primeira xestora local tras o dominio dos sublevados estará formada por individuos que non eran nativos no lugar e que procedían da CEDA. Sen embargo, o reparto de poderes estará desde o momento cero suxeito a fortes enfrontamentos entre as forzas que apoiaron o golpe, no caso tomiñés CEDA e Renovación Española. Neste concello rural, a Falanxe carecía de peso, de feito, tan só existía dúas *camisas vellas* que por outra banda nin sequera residían na localidade. As tensións polo tanto concentrábanse entre os representantes do partido de Gil Robles e de Calvo Sotelo.

Tal e como observamos no seguinte cadro referido á esa primeira xestora, salvo un dos xestores que integraba Renovación Española o resto procedían da CEDA e coincidían en dispor dunha economía folgada ben como industrias, comerciantes, propietarios ou ben como funcionarios públicos.

Táboa 2: Comisión Xestora nomeada 27/07/1936

	Natural	Residencia	Ano Nacemento	Oficio	Antecedentes	Cargos
Francisco Pino Carrera	Ponteareas	Forcadela	1898	industrial	CEDA	Xefe Local FET de la JONS
Manuel Búa Pazos	Cuntis	Tomiño	1899	mestre nacional	orador campaña CEDA xaneiro 1936	Secretario Local FET de la JONS
Ricardo Fernández López	Sabarís-Baiona	Tomiño	1899	comerciante	concelleiro CEDA 3º Tenente Alcalde (1934- 1936)	
Antonio González Álvarez	A Guarda	Tomiño	1905	comerciante	concelleiro CEDA; Depositario (1934-1935)	Delegado Sindical
Leandro Fernández Rodríguez	Goián	Goián	1877	rendista	Concelleiro monárquico (1929-1933 e 1934-1936)	


Elaboración propia

Por outro lado, estes mesmos ocuparán os postos tanto do partido único como do sindicato. Cargos que desenvolverán até pasadas as eleccións de 1948. Un persoal que foi o encargado de xestionar os momentos de reticencia e que supuxeron un desafío permanente. Angela Cenarro para o caso de Aragón destacaba que o criterio que prevaleceu á hora da escolla do persoal foi a idoneidade para servir ao réxime por enriba da adscrición á familia ideolóxica (Cenarro Lagunas, 1995-1996: 92). O certo é que a localidade tomiñesa ofrecía unha reducida canteira de persoal comprometido co proxecto franquista capaz de xerar aceptación.

Pola súa parte, Renovación Española pasará a engrosar os escasos postos existentes no xulgado municipal nos que o secretario titular era o mesmo fundador da agrupación na localidade. Polo tanto, o xuíz, o seu suplente e o fiscal serán os cargos que quedarán en mans dos de Calvo Sotelo.


En cambio, as filas da FET de la JONS pasarán a estar composta por novos militantes e adheridos. En 1945 a suma total cifrábase en 164 afiliados. Tiñan un perfil variado, aínda que o maior número o formaban os labregos e xornaleiros a quen seguían o grupo de industriais e comerciantes.

Ilustración 1: Oficio. Militantes e adheridos 1945



En canto a idade distribuíase da seguinte maneira:

Ilustración 2: Idade. Militantes e Adheridos 1945



Como observamos, os nados antes de 1900 sumaban o 36%, é dicir, que existía un peso destacado de individuos con idades superiores aos 45 anos. Será un continxente cun papel residual, porque a medida que pase o tempo a cifra numérica descende e a participación nos programas e concentracións falanxistas decaen. Por exemplo, en 1949 á concentración anual en Vilagarcía de Arousa só asistiu o 12% pese a que o concello corría cos gastos de comida e desprazamento.

En canto a forza dos cadros que pertenceran á Renovación Española, o que atopamos é que dos seus fundadores en agosto de 1935 soamente un desenvolveu cargo no consistorio. Por outro lado, dos 10 directivos só 4 formaron parte da filiación da FET da JONS aos que se suman dous mais que o fixeron só temporalmente mentres durou a guerra. Por outro lado, só a metade pertenceu ao societarismo antes do 1936, ou ben presente na dirección da *sociedade de obreros agricultores*, na homóloga de signo confesional *San José*, ou no club privado *centro goiánés*. De feito, todos os seus membros pertencían á elite local da vila de Goián, o núcleo urbano con maior desenvolvemento comercial da localidade dos que procedía este sector, xunto cos propietarios da terra perceptores de rendas, e todos eles vinculados á emigración ao Brasil.

Polo tanto, a CEDA e Renovación Española tiña un poder moi focalizado en canto ao espazo e grupos sociais e non ía mais alá que dunha representatividade das vellas elites locais que optaran por ambas correntes políticas para mesturarse nun contexto adverso. Esta presenza da CEDA nas corporacións municipais do primeiro franquismo é tamén observada noutros lugares como a provincia da Coruña. (Grandío Seoane, 1993: 76)

Isto traerá consigo enfrontamentos entre faccións, á busca de novos aliados, en especial os membros que foran do Partido Republicano Radical que serven de contrapeso, e ao intento de dominio sobre os xerarcas do contrabando que ostentan o real control social, xeran redes económicas dentro e fora das localidades e estenden os seus tentáculos entre o persoal político do Novo Réxime, facendo uso da corrupción nun clima de asfixia económica e escaseza resultado do modelo económico da autarquía. Por outro lado, isto demostra a necesidade do réxime por sustentarse en apoios sociais diversos, no recurso á negociación e obrigado a consentir espazos de mostras de descontento⁹.

9 Falar de corrupción supón ir mais alá das prácticas que executaba o persoal que desempeñaban cargos dentro da ditadura, como neste caso o Alcalde Paco Pino, senón que existira unha práctica xeneralizada que reportaba interesados no mantemento e tolerancia do suborno. (Arco Blanco, 2018: 625)

No contexto estatal, a corrupción, o estraperlo e a especulación arroxaron ás clases mais

RETORNO AS VELLAS FORMAS DE PROTESTA***Conflitividade durante o primeiro franquismo.***

Ana Cabana propón un modelo analítico específico das formas de resistencia civil para o caso da Galicia rural do primeiro franquismo, esta entendida como expresión de descontento para un período falto de liberdade¹⁰. (Cabana, 2013: 84)

Estas formas estarían organizadas en catro categorías, a primeira ten que ver coa resistencia aberta, unha modalidade que abrangue dende os motíns, boicots, absentismo, omisións, negativa a pagamento ou a resistencia simbólica e da que temos abundantes exemplos no noso observatorio particular.

Non cabe dúbida que son os motíns a fórmula mais visible dese descontento, unha expresión que se produce no espazo público e que ten a súa forza na representación aberta. Para o caso galego, o mais coñecido é o acontecido en Saviñón en 1946 onde o pobo se amotinou para impedir a saída de 41.500 kg de centeo requisado¹¹ (Souto Blanco, 2003)

Dentro deste tipo de resistencia interésanos destacar o papel que xogou o absentismo, un comportamento recorrente e do que constatamos a través das numerosas queixas dos pedáneos denunciando aos ausentes durante as prestacións veciñais como limpeza de canais, arranxo de camiños, etc. Mesmo podemos afondar en como a práctica mais alá de estar espallada, era usada polos propios encargados de facela cumprir. Por exemplo en 1943 o pedáneo de Estás denunciaba a unha veciña por pastoreo abusivo, mentres nos anos previos e posteriores é el mesmo un dos veciños que acumulaba mais sancións por transgresión¹².

Seguindo a citada autora, unha segunda categoría comprendería a *resistencia non dirixida*, unha mostra de malestar que na Raia era empregada de forma cotiá como era o formigueiro de homes e mulleres que a diario

frouxas á miseria (Cazorla Sánchez, 2016), disparándose as cifras de mortos por enfermidades vinculadas á deficiencias na alimentación (Santiago Díaz, 2020) e incrementáronse o número de delitos vinculados á paliar as necesidades básicas (Miralles Alted, 2020). Para algúns autores a supervivencia no día reduciu focos de tensión que se centraron en protestas e motíns nos que denunciaban a escaseza, a mala calidade dos produtos de primeira necesidade e oposición aos sistema de requisas. (Pérez-Olivares, 2023: 147).

10 Tamén para o caso valenciano, Ramiro Reig (1999) propón un modelo analítico específico, aínda que o habitual na historiografía sobre as percepcións sexa o modelo proposto pola Historia Cotiá Alemá.

11 Durante os anos 1940 producíronse mais motíns en Galicia como en Lourenzá (Lugo) en 1941 ou en Amoeiro (Ourense) en 1948.

12 AHMTO, Multas e denuncias, ca 702.

traspasaban o marco legal mediante a ocultación de colleitas, o fraude e a evasión de mercadorías e capitais.

Unha terceira modalidade ten a ver coa *resistencia institucionalizada* que podemos identificar na medida en que os suxeitos fan chegar o seu malestar a través das institucións e canles que as autoridades ofrecen. Unha das mais recorrentes neste concello raiano é o uso dos tribunais municipais onde atopamos casos como o xuízo verbal polo que en 1942 unha veciña demanda ao pedáneo do pobo por apropiación da pedra e terreo dun solar da antiga Sociedade Agraria. Un longo proceso con sucesivas alegacións nas que a denunciante chega a acusar de falsificación de actas ao Xefe Local da Falanxe¹³. Outro exemplo, é o acontecido en 1943 no que dous veciños levaron ao concello ao contencioso administrativo co fin de evitar ser expropiados. Outra das vías ten a ver co uso de instancias dirixidas ao alcalde e tramitadas polo rexistro municipal como en 1950 cando os comerciantes do núcleo urbano do Seixo presentan un recurso contra o cambio de localización da construción da nova praza de abastos¹⁴.

E finalmente, a *resistencia implícita* da que destacamos o rumor. Esta foi unha ferramenta intensamente empregada co fin de difamación que supuña erosionar ás figuras contra as que ía dirixida.

Un exemplo, en 1938 unha comitiva daba un espectáculo burlesco na praza representando o ofrecemento polas portas de cargos públicos como Alcalde e Primeiro Tenente Alcalde. Esa comitiva estaba formada por todas as forzas disidentes, había individuos da antiga Renovación Española, da CEDA, e da esquerda que se suman ao boicot.¹⁵ Ou os rumores de corrupción por parte do alcalde na poxa da madeira do monte municipal ante o que o mesmo responde enumerando as acusacións populares:

“Se me acusa, señores, de ser un alcalde despótico, que a tal equivale afirmar haya procedido en actos administrativos, sin nuestro refiriendo: en la tala de varios pinos, digo cientos de pinos en el solar de las viviendas protegidas del monte “Pombal”, de aprovechamientos arbóreos en el tejat de “Gorgas”, de venta ilegal de maderas procedentes de talas fraudulentas y de la falsificación de unas actas de no sé qué; y digo no sé qué, por cuanto ignoro a que se refieren”¹⁶.

13 Xulgado de Paz de Tomiño, Xuízo verbal civil, ca 57/4, ano 1942.

14 AHMTO, Demandas e xuízos, ca 252/ 19 e Libro de actas, ca 57, ano 1950.

15 AHPPO, Fondo Movemento, ca 186. Escrito do Xefe Local ao Provincial en Vigo, 08/09/1938.

16 AHMTO, Libro de sesión, ca 57, sesión extraordinaria 31/12/1948.

Pero sen dúbida, o espazo no que se amosou unha encarnizada loita foi no que tiña a ver co patrimonio das escolas de emigración. En 1937 *Unión del Porvenir* agochaba as contas, e tecía unha maraña de versións contraditorias acerca de fondos bancarios co fin de evitar o seu saqueo. Estratexias de resistencia apoiadas no continxente que permanecía na emigración e que serviron para co tempo conquistar cotas de autonomismo e evitar a perda absoluta da titularidade dos inmobles. Esta situación dáse na citada *Unión del Porvenir* que en 1948 recupera a xestión tras 12 anos de portas pechadas pero tamén na *Fundación Peirópolis* que é obrigada a substituír os membros do seu Padroado a cambio de manter á salvo a propiedade¹⁷.

Resistencia simbólica

Porén, a través da correspondencia emitida polo Xefe Local da Falanxe e as sancións municipais extraemos a capacidade de erosión das formas de resistencia simbólica. Como imos ver, esta ten que ver coa *Cultura da resistencia* que entendemos como o conxunto de valores e recursos que garda a memoria de etapas históricas pasadas da violencia e o conflito e que polo tanto son a base na que se apoian as formas de protesta.

O importante da cultura da resistencia é que funciona como un substrato común que ao longo da historia identifica as clases subalternas. Mesmo cando estas son desenvolvidas por un individuo gardan a complicidade e aceptación do grupo. Porque enténdese que o portavoz ten un rol que o dota aos ollos da comunidade dese papel interlocutor, isto tamén explica a transcendencia da resistencia simbólica¹⁸. É dicir, os rumores, as risas, as conversas nas tabernas, os insultos, as cantigas, ... todo aquilo que se entende con posibilidades de converterse en subversivo. O seu perigo reside en que aluden á imaxinarios e imaxes codificadas que son compartidas e sobre as que descansa a complicidade do grupo.

O combate simbólico é sen dúbida un dos elementos mais complexos cos que tivo que lidar o réxime. En 1938 o Xefe Local da FET trasladaba a súa preocupación, nas súas palabras porque:

17 AHPPO, Tribunal de Responsabilidades Políticas, Xulgado de Tui, ca 1675; Familia Portela, correspondencia privada, Carta do Alcalde de Tomiño á Ángel Portela, 02/11/1948.

18 Ángela Cenarro sinala en referencia ás fronteiras de xénero, a importancia das construción simbólicas que forman parte da común idade e que determinan as acción dos suxeitos na medida en que proxectan expectativas en canto as súas posibilidades e en canto ás súas limitacións. (Cenarro Lagunas, 2017: 18)

alrededor de nuestra Organización y vida municipal se fué cerniendo (...) un grupo integrante por egoístas, izquierdistas, sancionados y todos malos patriotas, que tiene por objeto en los momentos actuales hacer la vida imposible a todas las personas en quienes encarne una jerarquía o sienta la responsabilidad de autoridad.

Esos temores convertíanse en amenaza na medida en que existía un precedente:

Es de advertir que este término municipal ha sido primero feudo del nefasto Portela Valladares, y luego, del marxista Alonso Ríos, por lo cual es terreno abonado y asequible a maniobras de la índole apuntada¹⁹.

E resolvía facelo porque existía un clima no que dábanse episodios de insultos, vandalismos na propaganda, ou simplemente ese *teatrillo* polas casas. A cuestión é de onde procedían esas accións. Se nos tomamos esa lista da que falamos ao comezo do noso traballo, ollaremos o que veto ía dirixido á suxeitos de cores diversas, dende antigos dirixentes agrarios da esquerda, até membros da CEDA, Renovación Española ou simplemente figuras que non simpatizaban co actual goberno. O seu perfil demográfico caracterizábase por un continxente, o 38%, que naceran antes do 1900 e o 52% despois. É dicir, que existía desconfianza de potenciais actos subversivos das camadas formadas na loita agraria e nos valores democráticos de todo o abano ideolóxico.

Se agora observamos a actividade laboral, o continxente mais numeroso procedía de labradores (30%), seguíalle os industriais (24%), as profesións liberais (10%) e os oficios (10%). Polo tanto, non eran colectivos residuais, senón que estaban espallados por todas as capas sociais. Se agora o cotexamos cos cadros de militancia da FET o 14% eran militantes aos que se engade o 2% que o foran nos primeiros momentos da sublevación. Había antigos concelleiros radicais, tamén directivos do societarismo agrario, testemuñas de descargo nos consellos de guerra e persoal vinculado coa esquerda por canles diversas. É dicir, non existía homoxeneidade, senón que existiron filtros que propiciaron a falta de unidade e o aliñamento no espectro crítico.

Se ollamos detidamente a súa distribución xeográfica as parroquias con maior peso serían as mais grandes e que contaban cun núcleo urbano. As cifras arroxa que de Tomiño procedían o 32%, o 18% de Goián, en cambio nunha das parroquias mais pequenas como Estás e nas que a prohibición

19 AHPPO, Fondo Movemento, ca 186. Escrito do Xefe Local ao Xefe Provincial, 08/09/1938.

recaía tan só sobre dous nomes, é de onde saíra a protesta en 1948.

Descendendo ao miúdo, as dúas persoas de Estás que aparecían entre os 50 que constituían a listaxe de excluídos, correspondíanse co comerciante do pobo, que ademais fora directivo agrario e que en 1938 presentaba un escrito reclamando a devolución ferramentas incautadas na sociedade agraria²⁰. E o outro, tratábase do último presidente do sindicato agrario e ao mesmo tempo directivo do Padroado da escola²¹. Este último aglutinaba na súa figura as dúas colectividades na escala micro, é dicir, o sindicalismo agrario e a filantropía emigrante, polo tanto os dous símbolos patrimoniais do pasado. Sen embargo, cando o 27 de novembro de 1948 o notario é chamado para presentarse na vila e levantar a acta correspondente²², os responsables da acción son os irmáns Nemesio e Castor Vicente Alonso, ambos fillos dun dos fundadores do societarismo en 1910 e que ademais sufrira a represión por conta das autoridades do réxime turnista. Ian Kershaw (2004) propuña no seu traballo sobre a ditadura nazi, a necesidade de achegarnos ao coñecemento das realidades dos suxeitos a través da súa experiencia e prácticas. No caso que nos ocupa, os dous protagonistas eran individuos familiarizados coa loita antiforal e anticaciquil, os mitins, a propaganda, e mobilización agraria á que se lle sumou a súa propia experiencia na emigración no Brasil, onde ademais de entrar en contacto coa colectividade étnica relacionáranse coa familia do filántropo da escola local. De feito, un deles, Castor, pasara a vivir na casa que o mesmo filántropo mercara e que de feito fora temporalmente sede do sindicato agrario. Polo tanto a oposición ven da man de quen se lle asociaba o rol.

Nemesio nacera en 1903 e Castor en 1901, e viviran na emigración brasileira durante os anos 1920 e 1930, con idas e voltas. O regreso definitivo de ambos ten lugar en 1946 coincidindo coa apertura de fronteiras. A súa volta, Castor abre unha tenda no pobo e o segundo dedícase ao campo. Polo tanto, tratábase de nativos do lugar que estaban ausentes nos momentos do golpe, que non sufriran a represión nas súas carnes, e que viviran de lonxe a incautación dos bens societarios e da beneficencia emigrante, o que resulta importante, porque non viviran a represión no lugar de orixe. O coñecemento do que acontecera basearase nas noticias recibidas e, no caso da escola, na reflexión e toma de decisións co fin de salvar o inmobile. Polo tanto, estas vivencias engadidas á memoria herdada dos anos duros do

20 AHMTO, Libro de sesións, ca 57, sesión 10/09/1938.

21 *El Pueblo Gallego*, 01/02/1938: 9; *Nuevo Herald*, 04/01/1936; AHPPO, Tribunal de Responsabilidades Políticas, Xulgado de Tui, ca 1675

22 Arquivo Notarial Comarcal de Tui, Notario de O Porriño, D Tomás Santoro Iglesias, nº 956 e 957, 27 e 28/11/1948.

movemento agrario e nas que as relacións e canles de aprendizaxe estaban engraxadas polas relacións familiares posibilitou a acción de oposición de forma pública, foi o pulo.

Nós sabemos polos netos dos protagonistas que na tenda do primeiro reuníanse varios veciños nas noites á escoitar a radio pirenaica, lembran como o avó atrancaba a porta e como en moitas ocasións estaba o cura presente, unha figura que antano resultara moi controvertida e destacara polo enfrontamento cos sindicalistas agrarios. Un dos nosos entrevistados lembra mesmo escoitar falar da escola e de como fora financiada por un parente²³. Existía unha bagaxe de lexitimación que vinculaba unha posible acción nun contexto que fora propicio e este foi nas eleccións de 1948. Como veremos será unha acción de denuncia apoiada por figuras comprometidas co pasado democrático e que padeceran a represión. Un feito, que confirma que os comportamentos poden abrir conxunturas non previstas (Box e Rina, 2024: 27) e que os suxeitos son capaces de desenvolver accións de forma autónoma (Thompson, 2024).

Compre tamén sinalar, que a escena ten como fondo os comicios pero a estes chégase no plano micro, arrastrando unha campaña de descrédito impulsada por unha das grandes empresas da madeira descontenta co incremento fiscal da ordenanza municipal. A xestión desta ofensiva resultou tamén nefasta, entre outras cousas porque os mesmos gardas municipais encargados da vixilancia do monte de titularidade pública declararon falsificación de actas e malversación por parte do alcalde. Polo tanto, o momento era propicio e o contexto beneficiaba as mostras de disidencia.

Sen perder de vista o contexto estatal, os comicios son o resultado dunha viraxe política do réxime que se acentúa fundamentalmente na súa política exterior e coa reformulación da propaganda do réxime que busca lexitimarse en base o patriotismo (Prada Rodríguez, 2014:))

¿Oposición implícita?

Á requirimento de Nemesio Vicente, o notario levantou dúas actas referidas á aquela xornada. A primeira ten lugar no día previo onde constata a ausencia da lista dos candidatos polo terzo de representación sindical que se celebraría na mañá do día seguinte. Nin na Delegación Sindical, nin na Casa Consistorial nin no Xulgado existe ningún informador. No propio día, o 28 de novembro, novamente é reclamado dando conta do diálogo que se produce entre os membros da mesa e os compromisarios entre os que estaba o propio denunciante que manifesta:

23 Entrevista da autora a Maximino Álvarez Alonso o 01/06/2009 e 21/01/2022.

“que la sesión fué abierta después de la hora que marca la ley, que al entrar en el local le fué entregada por el SR Pino Carreira una candidatura que me exhibe escrita a máquina y que es al siguiente tenor literal: Elecciones Municipales de Tomiño-Tercio sindical- candidatura- D Francisco Pino Carrera- D Ramiro Moure Moure- D Manuel Búa Pazo- D Pío Troncoso Martínez” - que ni el tablón de Anuncios de la Delegación Sindical ni el del juzgado y Ayuntamiento estuvo expuesto la lista de candidato proclamados hasta el día de hoy”²⁴.

A negativa dos implicados deriva nunha discusión á que se suman varios dos presentes que acreditan a falta de credencial . En total son cinco os que acusan irregularidades declarando:

que estas elecciones fueron mangoneadas²⁵.

Estes suxeitos que apoian a manobra dos irmáns Vicente, carecían de vínculo fortes entre si. Eran de lugares diferentes, uns tiveran un pasado político moi comprometido coa esquerda, outro se presentara candidato pola CEDA, tamén había sindicalista que presentará dura batalla antiforal negándose o pago do mesmo. Todos naceran entre 1900 e 1903 salvo un que o fixera en 1895, iso si, tiveran algunha experiencia migratoria fose Brasil fose Arxentina. Aquí o elemento de cohesión é a expectativa de cambio. Todos eles tiveron relación co movemento agrario e en especial coa democratización do período republicano, e curiosamente soamente un estaba excluído do censo. É dicir, que existiu un factor sorpresa, que buscou a oposición implícita delegando en axentes novos que reunían as capacidades de lexitimación que a memoria da resistencia lles fornecía, e que ademais tiñan capacidade para xestionalo. O que poñen en práctica, é a vella táctica do *pucheirazo*, a de denuncia irregularidades nos procesos electorais, un recurso do que eran bos coñecedores, entre outras, o pai de Castor e Nemesio que vivira os tempos duros da mobilización. Tamén tomou prestada do pasado outra estratexia, a de levantar acta para denunciar os abusos, un recurso frecuente polos partidos *turnistas* do XIX e dos inicios do XX. E por último, e como xa fomos vendo cando falamos das diferentes tipos de resistencia, a oposición procedía de diferentes grupos ideolóxicos que tiveron a capacidade suficiente para aliarse en momentos dados co

24 Arquivo Comarcal Notaría, Notario Tomás Santoro Iglesias, O Porriño, 1948 : 956 e 957

25 Arquivo Comarcal Notaría, Notario Tomás Santoro Iglesias, O Porriño, 1948: 956 e 957

obxectivo de unificar esforzos para derrotar o adversario. Un procedemento que unha vez mais rastrexamos nas loitas agrarias que busca o apoio dun grupo para derrocar a outro.

Mercedes Peñalba -Sotorrío (2022) emprega o concepto *Resistenz* para recoñecer o elementos culturais que marcaron as fronteiras do consenso e o disenso que asocia coa conservación da identidade e das estruturas tradicionais (Peñalba-Sotorrío, 2022: 83). Para nós a liña de fractura ten que ver coa defensa de prácticas asentadas como son as convocatorias electorais.

O destaque da acción é que evidencia a necesidade de cambiar, polo tanto e seguindo a definición de Ana Cabana respecto ás actitudes da resistencia civil, trataríase dunha protesta, iso si, de elevada intensidade, pero en ningún momento se artella un movemento de oposición destinado a quebra do réxime²⁶. (Cabana, 2013: 84)

Finalmente, o 6 de febreiro de 1949 tomaban posesión os concelleiros electos mediante o sistema de terzos:

Táboa 3: Persoal electo nas eleccións de 1948

	<i>Profesión</i>	<i>Idade</i>	<i>Militancia na FET da JONS</i>	<i>a quen votara en febreiro 1936</i>
Alcalde				
Onésimo Domínguez Alonso	carpinteiro	49	militante	CEDA
Concelleiros				
1º Terzo (cabezas de familia)				
Manuel Moure de Santiago	propietario	55	non afiliado	votante de esquerdas
Pedro Mariño Castiñeira	propietario	47	militante	CEDA
Generoso Fernández Alonso	gandeiro	44	non afiliado	sen filiación
José Rodríguez Lorenzo	propietario	35	militante	CEDA

26 Regresando ao modelo que propón Ana Cabana (2013) sobre os tipos de actitudes que compoñen a resistencia civil na Galicia rural do primeiro franquismo, gradúa estas acción en disentir que ten que ver con amosar non conformismo como é non participar de actos ou actividades, transgredir que xa é un rexeitamento frontal das medidas establecidas e protestar.

	Profesión	Idade	Militancia na FET da JONS	a quen votara en febreiro 1936
2º Terzo (sindical)				
Francisco Pino Carrera	industrial	52	Xefe local (militante)	FET ds JONS
Ramiro Moure Moure	industrial	56	adherido	Partido Republicano Radical
Pío Troncoso Martínez	farmaceutico	37	militante	sin filiación
Manuel Búa Pazo	maestro nacional	45	militante	CEDA
3º Terzo (lista do Gobernador)				
Leandro Fernández Rodríguez	propietario	71	militante	monárquico
Antonio González Álvarez	industrial	44	militante	CEDA
Victorino Álvarez Orduña	propietario	48	non afiliado	Partido Republicano Radical
Onésimo Domínguez Alonso	carpinteiro	49	militante	CEDA

Elaboración propia. Fonte: AHPPO, Fondo Movemento, ca 244.

Como vemos mais da metade naceran na primeira década de 1900, continuou dándoselle prioridade á CEDA e os Radicais pero sen embargo, introduce novidades importantes, en primeiro lugar á lideres da esquerda como Manuel Moure de Santiago que ostentara o cargo de alcalde agrario en 1932, e aparecen a través da lista do Gobernador, elementos que foran tachados do censo polo alcalde, neste caso Victorino Álvarez Orduña. E finalmente, optase pola presidencia dun candidato neutro como modo de transición cara os anos 1950 no que a cabeza visible será o persoal formado baixo o Réxime. Este non é un proceso exclusivo do noso concello, se foramos ao lindeiro municipio de Tui, observaríamos un proceso mais acentuado aínda. Neste caso aumentaría o número de candidatos nados despois de 1910 que case equiparía aos da década anterior, reducindo a dous os que o fixeran antes de 1900. É dicir, optouse antes por xente nova, e por cadros que non fora do partido, mostra que queda patente en Tui onde o 40% non estaban afiliados. Estudos noutros puntos

da xeografía como Bilbao, a renovación dos cadros políticos locais viu da man do terzo sindical cunha nova xeración leal á ditadura (Pérez Enbeita, 2021: 898). Unha apreciación que se constata nas cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) nos que as eleccións de 1948 serven para renovar os cadros tanto a través do terzo sindical e en menor intensidade no de cabezas de familia. (Presas Sobrado, 2021: 243-244). Sen embargo, no caso tomiñés tal e como observamos no cadro arriba sinalado, o terzo sindical conservou aos dirixentes que monopolizaban o goberno dende o golpe. En cambio, foi a través do terzo de cabeza familiar nos que se introduciu un vello agrario de esquerdas e a través da lista do gobernador os individuos que foran excluídos²⁷.

Estas cifras o que nos contan é que dende arriba estíbese dando un proceso de adaptación que pasaba pola adhesión dos sectores mais moderados das diferentes forzas, incluídas as derrotadas. Esta criba por outro lado, está en relación coa política de aceptación que o réxime pon en funcionamento tras o fin da Guerra Mundial. No caso concreto que nos ocupa, en 1946 a celebración dunha exposición agro-gandeira-forestal da man do municipio serviu de escusa para nomear comisións organizadoras de todas as parroquias. Foi a través deste medio no que se foron rehabilitando no espectro político os que anteriormente ocuparan postos destacados na escala local e que servían de medida para posibles pactos nunha lóxica de que para construír había que integrar (Cenarro Lagunas, 2003: 118). Polo tanto, foi un proceso tutelado o que non exixe que existise un sector que demandase maior aperturismo, como foi o caso dos nosos denunciantes, pero que xa estaba en marcha como demostra a destreza para seducir á antigos líderes que contaran con aceptación social²⁸.

27 Traballo como o de Óscar Rodríguez Barreira para o caso almeriense revelan como os enfrontamentos entre faccións, o tecido de áreas de influencia, estiveron detrás das dificultades de implantación da ditadura (Rodríguez Barreira 2013: 222).

Por outro lado, o fin da Segunda Guerra Mundial, asistimos a importantes mudanzas nos gabinetes ministeriais, entre elas, a presenza de Acción Católica na carteira de Asuntos Exteriores responsable do lavado de cara do réxime que culmina coa sinatura do Concordato (1953) e convenio con Estados Unidos (1950 e 1959) que supuxo o recoñecemento definitivo a ditadura de Franco. (Cazorla Sánchez, 2016; Castro Franco e Revilla Casado, 2013)

28 Carmen Molinero (2003) e Óscar Rodríguez Barreira (2008 e 2013) puxeron de relevancia como as políticas sociais do réxime franquista ían encamiñadas á aceptación e control social da disidencia. No caso que nos ocupa, esa política social foi moi reducida xa que institución como o Auxilio Social eran inexistentes, polo tanto as persoas en risco de exclusión social procuraban o amparo do persoal político directo ou dos grandes contrabandistas, que contaban coa capacidade económica e influencia política necesaria para xestionar.

Por outro lado, este proceso viu empurrado dende abaixo mediante o emprego dunha campaña de descrédito do alcalde e da primeira xeración de dirixentes falanxistas que foron a diana contra as que se estampaba a crítica mais feroz. Unha mostra de descontento que atopamos noutras latitudes, por exemplo, para o caso de cidade de Valladolid as acusacións eran vertidas contra os xestores do goberno e non contra o réxime (Gómez Cuesta, 2024: 46). Signey Tarrow fala de política contenciosa no momento no que a xente corrente tece alianza coas elites con capacidade de influencia para enfrontar ás autoridades (Tarrow, 2011: 6), neste caso non percibimos esas conexións, senón mais ben son golpes de presión concatenadas determinadas pola existencia dun contexto que ofrece posibilidades. Isto non exclúe que existira o que o mesmo autor conceptúa como escalas, porque o elemento difusión si actúa neste caso na medida en que erosiona e crea un marco de oportunidade. O alcalde non só perderá a presidencia en 1948 senón que será levado aos tribunais acusado de corrupción e malversación sendo destituído do consistorio e da dirección local do partido, un órgano que a partir de aquí reducirá ao mínimo a súa actividade. Unha concesión que a ditadura acepta e que constitúe as fendas polas que as prácticas de resistencia se colaban e que a ditadura debía tolerar, unha idea que Lûdtke amosou no concepto do *eigen-sinn* (Lûdtke, 1995). Por outro lado, os cambios graduais non estiveron exentos de crítica por parte dalgúns sectores da esquerda. Entre outras cousas, porque unha parte rexeitaba a participación nos órganos da ditadura. En 1951 o líder político do concello limítrofe de A Guarda, Juan Noya, dicíalle a un compatriota tomiñés residente en Río de Janeiro:

Calculo que lo pasarais bien y que tocaríais todos los temas relacionados con las cosas de la Patria Chica, pues variedad hay en abundancia y sabrosa. Sabrás que Manuel Moure se aferró nuevamente al puesto de concejal. ¡Vaya apego que le tomó al carguito!²⁹

Na mesma misiva, o autor, anunciaba a súa pronta marcha do país destino da emigración. Unha acción que fora escollida por moitos outros dende 1946 que faltos de expectativas e desencantados coa situación optaron por iniciar unha nova etapa nos países da emigración dos seus antecesores, Arxentina e Brasil³⁰. Polo que podemos afirmar que existiron cambios gra-

29 Carta datada en Vigo o 07/01/1951 cedida por Tena Daval Moure.

30 A saída da poboación a partires de 1946 é un proceso extensivo á outras partes do Estado. Francia, foi un dos destinos máis frecuentes de feito contabilízase que en 1949 11.000 españois e españolas cruzaron a fronteira de forma clandestina. (Martínez Martínez, 2020: 317)

duais dirixidos ao segmento mais moderado das cores políticas presentes no proceso democrático e que expulsou á outra faccións ao tempo que as dividía. E acompañando este proceso, ou mellor dito, facendo forza, un sector heteroxéneo procuraba un maior aperturismo encamiñado a algo co que estiveran familiarizados, as dinámicas electorais. Nese halo de esperanza encádrase a loita por gañar un espazo mais amplo e que se sustenta na clara aposta por aproveitar o espazo público para a difamación e crítica aproveitando un terreo erosionado pola falta de credibilidade. Un concepto que tamén se facía agardar nun réxime ditatorial.

CONCLUSIÓN

O desafío resultou ser a constante no primeiro franquismo. Unha actitude que tivo diversas caras, variadas formas e que resultou o camiño ao control gradual de reformas que permitiron consolidar o réxime ditatorial.

Ao longo deste texto, seguimos a evolución dun territorio rural ao longo da primeira metade do SXX, como os individuos se fixeron con formas de protesta chegando a despuntar nunha loita política capitaneada polo continxente emigrante. Vimos como adoptaron prácticas de axitación política adaptadas aos intereses das súas comunidades, como formas de protesta como o *pucheirazo* destinado á denuncia da falta de transparencia. Recursos que foron retomados na primeira oportunidade que ofrece o réxime franquista. Tamén como unha vez mais, os protagonistas procedían das filas do pasado emigratorio, que fixaban as raíces no coñecemento desa antiga loita foral e que como antano, procuraban a entrada no consistorio, obxectivo para o que empregaron formas de presión das que eran coñecedores. Un recurso que pasaba por desfacer e facer lealdades, o que explica a capacidade para concentrar posturas diversas de descontento. Estas actitudes perseguían unha apertura no electoral, unha vella demanda do primeiro agrarismo pero que estaba exenta dun apoio ao programa da esquerda galeguista, baseada no estatuto de autonomía, e polo laicismo. Existía polo tanto franxas comúns que tiñan que ver cunha cultura política na que os procesos electorais eran elementos de identificación entre suxeitos³¹.

31 Claudio Hernández refírese a importancia de atender á experiencia individual vivida de maneira diaria como forma de relacionarse coas institución e políticas do Estado (Hernández Burgos, 2014: 89). Unha idea que ollamos interesante e que neste caso concreto atopamos nos valores concedidos aos procesos electorais e como esta práctica estaba perfectamente interiorizada, de feito, convertese no elemento de unión de grupos heteroxéneos. Outros autores De Certeau e Gramsci chamaran a atención sobre a relación dos suxeitos co Estado e na percepción de si mesmos. (De Certeau, 2000; Gramsci, 2023)

Tamén vemos como outros mecanismos que funcionaran na vella confrontación agraria estaban ausentes como a prensa, os boletíns escolares e o vínculo directo do colectivo emigrante na actuación da terra de orixe. É dicir, a falta de medios de propaganda alternativos e do control da educación imposibilitaron o espallamento de calquera tipo de movemento unificado. Tampouco existían eses líderes capaces de vertebrar e dirixir a axitación porque ou estaban no exilio ou ben os superviventes optaron por non aceptar as condicións que ofrecía o réxime franquista. Polo tanto non podemos falar de oposición, senón de resistencia civil aínda que esta presenta disidencias de alta intensidade. Por outro lado, as novas xeracións descontentas optaron pola emigración en vista da falta de expectativas, de melloras nos dereitos e nas súas condicións de vida. E nisto tivo moito que ver tamén o feito de que o réxime fora capaz de absorber aos sectores moderados que amosaron posibilidades de reinserción, que acabaron por dinamitar as vellas lealdades de grupo. Polo tanto, as redes desfíxéronse e volveron facerse borrando a fortaleza dos vínculos e ante a ausencia dun corpus sólido e de bagaxe capaz de atraer á novas forzas.

Esa falta de atracción tivo moito que ver no regreso á vellas formas de resistencia, as cales estaban á orde do día, pero que ían encamiñadas á normativas que condicionaban os seus modos de vida ou ben formalizábanse na ofensiva contra os autores da inxustiza identificados coa figura do cacique, que no caso que vimos coincidía co alcalde (Cabana, 2013: 279). Polo tanto, unha vez conquistado o seu derrocamento prodúcese un novo axuste de alianzas, que se continuáramos o noso estudio aparecerían reconvertidas na seguinte década.

Neste senso, o que nos interesa destacar é que si existiron claras mostras de contestación ás políticas do réxime nas que participaron figuras da esquerda que sufriran a represión, aínda que estas optaran por agochase no paraugas doutros grupos políticos. Analizar as disidencias axúdanos a entender as formas de consolidación, e neste caso concreto observamos como o obxectivo en común era erosionar ao novo persoal que ocupaba as institucións e que a súa presenza nestas accións levaba asociada unha ameaza simbólica. Un elemento que era percibido por todas as partes e que amosa a vitalidade da memoria da resistencia que toma imaxes do pasado que lanza cara o futuro depositando na pel de axentes que son vistos como idóneos ou que contan coa lexitimidade dentro da comunidade.

Interésanos destacar como o repertorio de protestas foi amplo e deuse en todo momento, erosionando o control das autoridades. Por outro lado, a propia debilidade das forzas que apoiaran ao réxime serviron como fenda para a introducción de contrapuntos necesarios na confrontación. Eric Hobsbawm (2014) sinalaba que a ruptura da sociedade civil levou consigo o

retorno ás primitivas formas de resistencia, ás que engadimos que ese patrón levaba consigo actuacións de alta intensidade para as que foi prioritario unha cultura política específica.

Polo tanto, esta situación, a das eleccións de 1948 supuxeron un antes e un despois, porque deron opción á mostras de disidencias, formas de infrapolítica no concepto *scottiano* que foron quen de controlar mediante a desaparición paulatina do primeiro persoal do franquismo, introducindo de forma pautada a antigos líderes que viron a oportunidade ao tempo que serviron de división das vellas faccións.

Isto trouxo consigo dúas cousas, que as reformas foran graduais e controladas e que desta maneira, mediante a concesión, abriuse unha porta aos grupos disidentes tal e como acontecera trinta anos atrás, cando os agrarios conquistaran os concellos.

BIBLIOGRAFÍA

BOURDIEU, Pierre (1997): *Capital Cultural, Escuela y Espacio Social*, Siglo XXI Editores.

(1983): *Poder, Derecho y Clases Sociales*, Desclée

BOX, Zira (2019): "The Franco Dictatorship: A proposal for Analysis in Terms of Political Cultures", en *Reactionary nationalists, fascists and dictatorships in the twentieth century: against democracy*, Palgrave Macmillan, pp. 293-310

BOX, Zira e RINA SIMÓN, César (2024): "El (re)descubrimiento del sujeto y el análisis de las experiencias. Nuevos enfoques transdisciplinarios al estudio de la guerra civil y la posguerra", *Historia Contemporánea*, nº 74, pp. 21-48

CABANA, Ana (2013): *La derrota de lo épico*, Universidad de Valencia.

CABO VILLAVARDE, Miguel (2023) *A vida desmedida de Basilio Álvarez*, Deputación de Ourense, A Coruña.

(2003): *Prensa agraria en Galicia*, Buen de Bux, Ourense

(1999): "Poder e contrapoder en Galicia na longa agonía da Restauración (1898-1923)", *¿Quen manda aquí? O Poder na historia de Galicia*, Asociación Galega de Historiadores, pp. 249-269.

CASTRO FRANCO, D e REVILLA CASADO, J (2013): "La dictadura franquista y el comienzo de la guerra fría", Grandío Seoane, E et alii (ed), *Derribar a Franco*, Editorial Eneida, Madrid, pp. 9-34.

CAZORLA SÁNCHEZ, Antonio (2016): *Miedo y progreso*, Alianza Editorial, Madrid

CENARRO LAGUNAS, Angela (2017): "Identidades de género en el cato-

licismo, el falangismo y la dictadura de Franco" (presentación", *Historia y política: Ideas, procesos y movimientos sociales*, nº 37, pp. 17-26.

(2003): "Los días de la "Nueva España": entre la "revolución nacional" y el peso de la tradición", *Ayer*, nº 51, pp. 115-134.

(1995-1996): "Elites, Partido, Iglesia: El Régimen Franquista en Aragón, 1936-1945", *Studia historica. Historia contemporánea*, nº 13-14, pp. 83-103.

DE CERTEAU, Michel (2000): *La invención de lo cotidiano. Artes de hacer*, Universidad Iberoamericana, México.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2021): "Agriculturismo de mulleres na folga das leiteiras de Ferrol en 1910. Revisando o agriculturismo" en Artiaga Rego, A., Balboa López, X.L., Fernández Prieto, L., Rico Boquete, E. (eds) (2021): *Á volta do tempo. Estudos de Historia Contemporánea*, Xerais, Vigo, pp. 175-222

FONT, Jordi (2004): "Nosotros no nos cuidábamos de la política". Fuentes orales y actitudes políticas en el franquismo. El ejemplo de una zona rural, 1939-1959", *Historia Social*, 49, pp. 49-56

FUERTES MUÑOZ, Carlos (2017): *Vivir la dictadura. La evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo*, Comares, Granada.

GÓMEZ CUESTA, Cristina (2024): Vigilancia y resistencias cotidianas en territorio "afecto" durante la posguerra (1939-1951), *Historia Actual Online*, 64(2), pp. 39-56.

GRAMSCI, Antonio (2023): *Cuadernos de la cárcel*, Akal, Madrid

GRANDÍO SEOANE, E (1993): "El primer personal político del franquismo en la provincia de La Coruña: Cambio y continuidad de las élites políticas municipales durante la Guerra Civil en la retaguardia nacional, 1936-1939", Tussel Gómez, J. et alii (eds): *El régimen de Franco, 1936-1975: política e relaciones exteriores*, UNED, Madrid, pp. 69-88

HOBBSBAWM, Eric J (2014): *Rebeldes primitivos*, Crítica, Barcelona.

KEERSHAW, Ian (2004): *La dictadura nazi. Problemas y perspectivas de investigación*, Siglo XXI, Buenos Aires.

LÜDTKE, Alf (1995): "De los héroes de la resistencia a los coautores. "Alltagsgeschichte" en Alemania", *Ayer*, núm 19, pp. 49-69

MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Alba (2020): "La miseria de la emigración clandestina. Refugiados políticos y económicos en Francia (1945-1950)" en del Arco Blanco, Miguel Ángel (ed) *Los "años del hambre". Historia y memoria de la posguerra franquista*, Marcial Pons Historia, Madrid, pp. 317 - 342.

MIRALLES ALTED, Lázaro (2020): "Supervivencia y comunidad bajo el hambre. La delincuencia en los barrios populares durante el franquismo: el

caso del albaicín y el sacromonte en Granada (1939-1963)" en del Arco Blanco, Miguel Ángel (ed) *Los "años del hambre". Historia y memoria de la posguerra franquista*, Marcial Pons Historia, Madrid, pp. 221 - 248.

MOLINERO RUIZ, Carmen (2003): "La política social del régimen franquista. Una asignatura pendiente de la historiografía", *Ayer*, 50 pp. 319-331; (2005): *La captación de las masas. Política social y propaganda en el régimen franquista*. Cátedra, Madrid.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1998): *Emigrantes, caciques e indianos*, (1992): *O galeguismo en América 1879-1936*, Edición do Castro, Sada.

PRADA RODRÍGUEZ, Julio (2014): "Propaganda y nacionalización de las masas", Prada Rodríguez, J (dir), *No solo represión. La construcción del franquismo en Galicia*, Biblioteca Nueva, Madrid, pp. 237- 261

PENA RODRÍGUEZ, Alberto (2019): "El país más feliz de Europa". La recepción de la Guerra Civil española en Portugal", *Ayer. Revista De Historia Contemporánea*, 127(3), 192-217.

PEÑALBA- SOTORRÍO, Mercedes (2022): "FET y de las JONS como fuente de disenso en el Franquismo a la luz del concepto Resistenz" en *Ayer* 126 (2), pp. 79-105

PÉREZ ENBEITA, Antonio (2021): "La renovación de los cuadros políticos locales en el primer franquismo. El papel del tercio sindical", *Historia contemporánea*, nº 67, pp. 897-921.

PÉREZ-OLIVARES, Alejandro (2023): "¿La pertinaz escasez? Enmarcando el hambre de posguerra desde la historia ambiental urbana", en Conde-Caballero, David, Rivero Jiménez, Borja e Juárez, Lorenzo Mariano (eds): *Vidas sin pan. El hambre en la memoria de la posguerra española*, Comares, Granada, 2023, pp. 141-160

PRESAS SOBRADO, Adrián (2021): "La configuración de las élites políticas urbanas gallegas en el primer franquismo (1936-1951)", *Hispania Nova*, nº 19, pp. 229-254

REIG, Ramiro (1999): "Repertorios de protesta. La posición de los trabajadores durante el Primer Franquismo" en I. Saiz Camps y J.A. Gómez Roda (eds.): *El franquismo en Valencia. Formas de vida y actitudes sociales en la posguerra*, Valencia, Episteme, pp. 37-76).

RODRÍGUEZ BARREIRA, ÓSCAR (2013): *Misérias del poder*, Universidad de Valencia, Valencia.

ROSAS, Fernando (1996): *Portugal e a guerra civil de Espanha*, Colibri, Lisboa.

SÁNCHEZ RECIO, Glicerio (2003): "El franquismo como red de intereses" en Sánchez Recio, Glicerio e Tascón Fernández, Julio (eds), *Los empresarios*

de Franco. *Política y economía en España, 1936-1957*, Crítica, Barcelona, pp. 13-22.

SANTIAGO DÍAZ, Gregorio (2020): "Cuando el hambre no solo mata: trastornos y enfermedades alimenticias en la España de los años cuarenta" en del Arco Blanco, Miguel Ángel (ed) *Los "años del hambre". Historia y memoria de la posguerra franquista*, Marcial Pons Historia, Madrid, pp. 271 - 291.

SEVELL, William Hamilton (2011): "Líneas torcidas", *Historia Social*, nº 69, pp. 93-106.

SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (1999): *Os intelectuais do agrarismo*, Universidade de Vigo, Vigo

SOUTO BLANCO, María Jesús (2003): "Una revuelta de hambre en la Galicia del primer franquismo: O Saviñao", *Pasado y Memoria, Revista de Historia Contemporánea*, II, pp.241-254

TARROW, Signey (2011): *El nuevo activismo transnacional*, Hacer, Sevilla.

THOMPSON, Edward P (2024): *Miseria de la teoría*, Verso, Madrid

VÁZQUEZ LOJO, M^a Xosé e SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2017): *Salceda de Caselas nos tempos da emigración a América. Evolución da poboación, economía e dinámicas sociopolíticas locais (1880-1960)*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra.

VILLALTA LUNA, Alfonso M. (2023): "Menos Franco y más pan blanco". De la retórica del régimen a la realidad de la vida cotidiana en la posguerra" en Conde-Caballero, David, Rivero Jiménez, Borja e Juárez, Lorenzo Mariano (eds): *Vidas sin pan. El hambre en la memoria de la posguerra española*, Comares, Granada, 2023, pp. 121-138

VILLARES PAZ, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Siglo XXI, Madrid.